

OS ECOSISTEMAS

Que é un ecosistema?

Un conxunto formado por un lugar e todos os seres vivos que habitan nel, así como as relacións que se establecen entre todos eles. Poden ser naturais (sen a intervención do ser humano), como unha *charca* ou un *bosque* e artificiais (modificados polo ser humano), como unha *cidade* ou unha *horta*. Ao mesmo tempo, poden ser acuáticos ou terrestres.

Cales son os compoñentes dun ecosistema?

- O compoñente inerte. É o medio físico no que viven os seres vivos: auga, solo, aire...pero tamén inclúe a temperatura, a salinidade (cantidade de sal), cantidade de luz, etc.
- O compoñente vivo. Está formado por todos os seres vivos que habitan nun ecosistema. Agrúpanse en especies, poboacións e comunidades.

1. Identifica os ecosistemas acuáticos:

Selva	Sabana	Río	Charca
Mar	Parque	Illa	Pantano
Deserto	Lago	Bosque	Polo

2. Relaciona:

Calor	Formiga
Cegoña	Luz
Auga	Balea
Manada de lobos	Frío
Sal	Aguia

3. Relaciona cada animal co medio físico ao que pertence:



SELVA
RÍO
HORTA
BOSQUE
POLO
DESERTO
CHARCA
MAR
OCEÁNO

